

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE MAIO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 9 de maio de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acordase a concesión das seguintes licenzas: para a demolición da edificación ata o nivel de rasante, sita na rúa Armanyá, números 33-35 e para a instalación de escaleira de emerxencia no edificio con licenza número 889/77, sito na rúa Alexandre Bóveda, número 20.

Acórdase a excepcionalidade do cumprimento do Decreto 29/2010 polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas en Galicia: para a actuación de instalación dun ascensor no edificio existente, sito na rúa río Navia, número 27; para a actuación de instalación dun ascensor no edificio existente, sito na rúa San Isidro Labrador, número 24; para a actuación de instalación dun ascensor no edificio existente, sito na praza de Alacante, número 1; para a actuación de instalación dun ascensor no edificio existente, sito na rúa río Navia, número 35; para a actuación de instalación dun ascensor no edificio existente, sito no Carril das Encrucilladas, número 6; para a actuación de instalación dun ascensor no edificio existente, sito na rúa Ruiz de Alda, número 3 e para a actuación de instalación dun ascensor no edificio existente, sito na rúa do prado, número 11.

Acórdase a denegación de licenza para a construción de vivenda unifamiliar illada en Trasnales Ombreiro.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios polo Arquitecto interino e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación do primeiro programa experimental de servizos locais e fomento do emprego.

4. FACENDA LOCAL.- Apróbase a solicitude na que insta a anulación da liquidación número 5504492 (58/2012), en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe de 99.994,33 €, ao renunciar á licenza de obras outorgada para construír un edificio na rúa Evaristo Correa Calderón.

Así mesmo, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para construción de nave sen uso definido na estrada da Coruña, 64-66.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de obras solicitada para a demolición de edificio existente e construción doutro edificio na ronda da Muralla, 177.

Do mesmo xeito, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para rehabilitación e ampliación de vivenda existente sita na rúa da Chanca, 10.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para modificación de fachada en palleira existente sita en San Vicente de Pías.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para a legalización de industria láctea sita na avda. Benigno Rivera, rúa Dos Artesáns e rúa Dos Carpinteiros.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para a legalización de industria láctea sita na rúa da Agricultura, polígono 63, parcela 321.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E XUVENTUDE

5. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a aprobación do proxecto de modificación parcial da vixente Ordenanza reguladora do funcionamento dos centros de día do Concello de Lugo.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a declaración de caducidade do expediente de imposición de penalidades incoado en data un de febreiro de 2012, e nova incoación de expediente de imposición de penalidade por incumprimento do prazo total de execución na contratación das obras de construción dun edificio dotacional destinado a Policía Local e Protección Civil.
- Acórdase a incoación de expediente de resolución do contrato do lote 3, relativo ao material de oficina non inventariable, dentro do expediente de subministración de diversos consumibles de papelería, mediante acordo marco con procedemento aberto.
- Acórdase non acceder a solicitude feita a este Concello polo Servizo Galego de Saúde, da exención do imposto sobre bens inmobles (IBI) nas Ordenanzas Fiscais do Hospital Lucus Augusti.

Lugo, 16 de maio de 2012
A CONCELLEIRA-SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Asdo.: María del Carmen Basadre Vázquez